

**PROGRAMACIÓN**  
**DE**  
**E. MUSICAL**  
**PARA E. INFANTIL**

**2021-2022**

# ÍNDICE

-1)INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

-2)OBXECTIVOS XERAIS

-3)OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

-4)CONTIDOS

-5)CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESNVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

-6)METODOLOXÍA

-7)UNIDADES DIDÁCTICAS.

-7.1) TEMPORALIZACIÓN

-7.2)ORGANIZACIÓN E DESARROLLO.

- “A escola”
- “A casa e a familia”
- “O outono”
- “Ven o Nadal”
- “O Inverno”
- “O Antroido”

- “O corpo”
- “Os ofícios”
- “Os animais”

-8)AVALIACIÓN.

-9)ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

-10)PROCEDIMENTOS PARA VALORAR O AXUSTE ENTRE A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E OS RESULTADOS.

## **-I1)INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

O CRA de Narón é un centro público de E.Infantil e Primaria que consta de tres escolas.Unha delas, a de Sedes, con niveis misturados de 3,4 e 5 anos. A de Domirón,cos tres niveis de infantil separados e a do Val con tres niveis de infantil e primaria ata 4º en niveis tamén separados.

A praza de E.Musical foi desenvolta, polo tanto, co perfil de itinerante nas distintas escolas do C.R.A. con todo o que isto implica en canto horarios ,reparto de material,etc .En líneas xerais,contamos con espacios axeitados para o desenvolvemento das clases de educación musical pero a dotación de material non é a suficiente xa que temos que ir que ir reemplazando moito que polo uso ou tempo, non está nas mellores condicións e é moi caro.

Dada a situación ocasionada pola COVID-19, que implica todavía unha serie de medidas restrictivas, non poderemos contemplar un escenario de total normalidade o que seguirá supoñendo unha maior dificultade engadida para o traballo na aula. Debemos contemplar nesta programación tres posibles escenarios nos que poida transcorrer o curso escolar: presencial, semipresencial e non presencial e que desenvolveremos no apartado de metodoloxía

## **-2)OBXECTIVOS XERAIS**

\*Sensibilizar aos nosos alumnos da importancia da E.Musical na nosa vida cotidiana como forma de expresión e comunicación, facendo uso das diferentes metodoloxías de carácter activo e participativo.

\*Fomentar unha metodoloxía activa en relación coa Expresión Musical na aula, utilizando recursos e materiais tanto innovadores como creativos coa finalidade de conseguir unha aprendizaxe óptimo

\*Fomentar un valor á Expresión Musical como unha disciplina igual de importante no currículo sendo interdisciplinar con outras disciplinas

## **-3)OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

-Desarrollar unha actitude positiva e gusto cara a expresión musical.

-Descubrir mediante a música unha nova forma de expresión.-Potenciar mediante o xogo situacións nas que o neno se exprese a través da súa voz, do movemento e dos instrumentos.

-Ofrecer o contacto e a participación individual e grupal nas producións sonoras mediante instrumentos con sons definidos e/ou indefinidos,convencionais e/ ou non convencionais.

-Indicar diferentes fontes sonoras(discriminación auditiva)

-Desarrollar diferentes capacidades:capacidade de escoitar, aprender a escoitar,aprender a aprender.

-Coñecer algúns instrumentos,os seus sons e as familias as que pertencen.

- Elaborar mediante materiais reciclados instrumentos para o seu uso.
- Iniciar o desenvolvemento do ritmo a través do movemento e da expresión corporal.
- Descubrir e experimentar as diferentes posibilidades sonoras que ofrecen a propia voz,algúns instrumentos e utilízalas como medio de expresión.
- Recoñecer distintos estados de ánimo e intentar controlar as súas propias emocións.
- Expresar sentimentos, emocións e necesidades utilizando deiferentes modalidades comunicativas.
- Experimentar coas diferentes formas de expresión de forma orixinal e creativa.

#### **-4)CONTIDOS**

Os contidos están deseñados para traballalos de forma global e interrelacionándolos con outras áreas de Educación Infantil.

Os contidos organízanse e secuencianse en Unidades Didácticas. En cada unha delas preséntanse os obxectivos didácticos, contidos e actividades e tense en conta a metodoloxía e os distintos ritmos de aprendizaxe.

Os contidos seleccionados organízanse en 9 Unidades Didácticas. O tratamento dos mesmos apóiase nas capacidades propias do nivel educativo e impulsará o desenvolvemento de capacidades cognitivas e socio-afectivas.

#### **-5)CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.**

***Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas***

*Referidas á competencia en Comunicación lingüística:*

- Aprender un repertorio de cancións en lingua galega.
- Aprender vocabulario e expresións locais en galego.
- Utilizar a voz e o corpo como instrumentos de expresión e comunicación.

*Referidas á Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:*

- Traballar a preescritura musical (concepto de liña e espazo).
- Traballar visual e auditivamente e interpretar a proporción matemática nos musicogramas e a súa relación coa duración da melodía.
- Traballar as figuras xeométricas coas coreografías que acompañan ás cancións e danzas.

*Referidas á Competencia dixital:*

- Presentar os aparatos e soportes de tecnoloxía dixital e analóxica de son: CD, reprodutores mp3, mp4, pizarra dixital, ordenador, Aula Virtual.....
- Utilizar métodos audiovisuais para escoitar sons, ver instrumentos, crear e compartir materiais online.
- Aplicar criterios éticos no uso das novas tecnoloxías.
- Empregar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

*Referidas ás Competencias sociais e cívicas:*

- Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un resultado grupal satisfactorio.
- Comprender a realidade da pluralidade social actual coa que convivimos e aprender a respectarnos.
- Ter respecto e actitude de escoita nas intervencións individuais dos compañeiros.
- Aceptar nas danzas e coreografías aos compañeiros/as sen discriminar a ninguén.
- Coñecer, valorar e gozar do contorno natural, social e cultural, fomentando a súa conservación.
- Participar nas actividades vocais, instrumentais e coreográficas de grupo con interese e sen inhibicións.

### *Referidas á Conciencia e expresións culturais:*

- Percibir e comprender o mundo que os rodea cando escoitan sons da contorna, gozando da mesma e valorándoa.
- Ter curiosidade cara á fonte sonora dos instrumentos que manexan na escola e os que soan nas audicións de música culta.
- Valorar as manifestacións culturais do folclore galego e doutras culturas.
- Representar sons mediante a expresión plástica.
- escoitar, diferenciar e valorar os sons do medio no que viven.
- Coñecer os instrumentos fixándose no material de corpo vibrante e na súa procedencia (árbores, canas, pel ou vexigas de animais, metais, etc).
- Expresar sentimentos e emocións a través de códigos artísticos.

### *Referidas á competencia para Aprender a aprender:*

- Ter curiosidade e interese individual na aprendizaxe de conceptos musicais e interdisciplinares.
- Aprender e practicar estratexias lingüísticas para realizar oralmente descrições dos sons que escoitan coa axuda dun apoio visual.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos.

### *Referidas ao Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:*

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Desenvolver a confianza en si mesmos mediante as dramatizacións con xestos grupais e as coreografías
- Fomentar o espírito de superación nas actividades individuais, alimentado polo maxisterio e a implicación do profesorado.
- Priorizar os obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
- Superar as dificultades a través da constancia e do traballo diario.
- Coordinar as tarefas e tempos do grupo na realización de traballos.
- Transmitir entusiasmo para acadar obxectivos.
- Elaborar fichas individualmente para desenvolver hábitos de esforzo, traballo individual, iniciativa persoal, curiosidade e creatividade na aprendizaxe.



- Amosar iniciativa persoal para promover ou iniciar novas accións.

## **-5)METODOLOXÍA**

Dada a situación ocasionada pola COVID-19, que implica todavía unha serie de medidas restrictivas, non poderemos contemplar un escenario de total normalidade o que seguirá supoñendo unha maior dificultade engadida para o traballo na aula. Debemos contemplar nesta programación tres posibles escenarios nos que poida transcorrer o curso escolar: presencial, semipresencial e non presencial. O desenvolvemento das clases de forma **presencial**, correspondería á programación didáctica tal e como se presenta neste documento, tendo en conta sempre, todas as limitacións provocadas polas medidas sanitarias. Nos outros dous escenarios e dada a dificultade experimentada nos cursos pasados para que alumnos tan pequenos poidan traballar de forma telemática, colgaríanse actividades lúdicas na Aula Virtual que logo poderíanse practicar nos momentos de presencialidade, de ser o caso, e sempre colaborando co titor para manter comunicación, de ser preciso, do xeito indicado polo mesmo.

Xa en liñas xerais na aula emplearase unha metodoloxía mixta que combina as Unidades Didácticas co traballo por recunchos, pequenos obradoiros e rutinas, tan importantes a estas idades, e baseada en diferentes metodoloxías como a de Dalcroze, Kodaly e Wuytack.

Os coñecementos e experiencias previas que determinan o nivel de desenvolvemento dos alumnos poderán relacionarse cos novos aprendizaxes e asegurar a creación de **aprendizaxes significativos**. Pero todo isto será posible a través dun protagonismo activo do alumno para o cual será necesario promover a **actividade** do mesmo. A participación activa e o aprendizaxe significativo son as bases necesarias para o aprendizaxe autónomo xa que é fundamental contribuir ao desenvolvemento da capacidade de **aprender por aprender**. Pero para o aprendizaxe en xeral e para promover a autonomía é fundamental a **motivación**, o que supón ter en conta os intereses e necesidades xerais

de todos os nenos, tanto individual como colectivamente. Por tanto os esforzos de **individualización** deben complementarse sempre co esforzo de favorecer a integración social, é dicir, a **socialización**.

Pero ademais a ensinanza debe facilitarse a través doutros principios, tales

coma a **intuición** o coñecemento a través dos sentidos;a **globalización**,para adaptarme á forma na que o neno percibe a realidade; e por suposto **o xogo**, xa que é unha actividade innata no neno.

Ademáis teremos en conta unha serie de principios metodolóxicos básicos como a creación dun **clima adecuado** ,afectivo,estimulante,acolledor e seguro, que aportará confianza e potenciará o autoconcepto e autoestima positivos.O **diálogo** como base da aprendizaxe da lingua escrita e medio para resolver pacíficamente posibles conflitos.E por último os **diferentes agrupamentos** na realización das diferentes actividades para favorecer tanto a individualización como a socialización,así como a organización de tempos e espazos de forma flexible que permita responder ás necesidades dos nenos en cada momento.Neste curso e mentres estén en vigor as medidas sanitarias ocasionadas pola pandemia,respétase os “grupos estables” establecidos polo tutor.

## RECURSOS UTILIZADOS

\*Materiais para exercitar a **psicomotricidade fina e grossa**, utilizaremos diferentes instrumentos de pequena percusión con sonoridade determinada e indeterminada,é dicir,o que chamamos “instrumentos Orff”:  
claves,pandeiros,triángulos,bombos,campás musicais.....que permitirán ao neno o control e coordinación con brazos e mans para ser cada vez máis precisos.

\*Para desenvolver a **capacidade lóxico-matemática**,a través de conceptos tales como:lento/rápido,curto/longo,....

\*Para desenvolver a **lecto-escritura**,utilizaremos contos ,cancións,asociar sílabas ás duracións das notas,a lectura das notas musicais,.....

\*Para o desenvolvemento da **expresión musical e corporal**,comezando coas posibilidades sonoras do seu propio corpo,de obxectos e instrumentos variados e adaptados a súa idade...

\*Respecto aos materiais de **expresión plástica**.

\*Respecto aos materia impresos,libros de consulta,contos,debuxos,láminas.

\***Materiais audiovisuais e informáticos**,ordenador,programas informáticos,pizarra dixital,páxinas web para nenos.....

\***Recursos persoais**.Intentarase sempre manter reunións cos diferentes Equipos Educativos para un mellor traballo e colaboración entre os docentes para que os beneficiarios sexan os nenos e a súa aprendizaxe.

## -6)UNIDADES DIDÁCTICAS´

### -6.1)TEMPORALIZACIÓN

O criterio fundamental para a temporalización das unidades didácticas será a **flexibilidade** en función dos intereses, motivacións e ritmos de aprendizaxe tanto a nivel grupal como individual. Ademais considerarase os cambios estacionais, as tradicións e costumes do entorno e algunha data concreta que nos servirá como punto de partida para o traballo escolar. Cada sesión terá unha duración aproximada de 55 minutos dividida en tres bloques:

- INICIO**: Asamblea musical, coa finalidade de establecer unha rutina e preparar aos nenos para adentrarse no mundo da música.
- DESARROLLO**: realización de diversas actividades.
- FINAL**: actividade de relaxación e volta a calma.

### -6.2)ORGANIZACIÓN E DESARROLLO.

- “A escola”
- “A casa e a familia”
- “O outono”
- “Ven o Nadal”
- “O Inverno”
- “O Antroido”
- “O corpo”
- “Os oficios”
- “Os animais”

## **UNIDADE DIDÁCTICA: “A Escola”**

**Época:** Mes de Setembro-Outubro.

**Duración:** Catro sesións de 55 m. aproximadamente

### **OBXECTIVOS**

- Desenvolver a percepción auditiva a través das posibilidades sonoras do noso corpo con diferentes obxectos.
- Utilizar grafías non convencionais para representar ausencia/presencia do son.
- Disfrutar interpretando coa voz e cos xestos.
- Respetar as normas de actuación.

### **CONTIDOS**

- Obxectos sonoros non tradicionais
- Elementos do son: ruído-son-silencio
- A canción.

### **ACTIVIDADES**

- “Toma de contacto”(esta actividade realizarase ao principio de cada sesión)
- “Descubrimos sons do noso contorno”:1ª e 2ª sesión
- “Descubrimos o ruído e o silencio”:3ª e 4ª sesión
- “Aprendemos e repasamos cancións”:5ª sesión.
- “Relaxámonos”(esta actividade realizarase ao final de cada sesión)

# AVALIACIÓN

## FICHA DE OBSERVACIÓN

ALUMNO/A:.....

	SATISFACTORIO	PROGRESANDO	NECESITA MÁIS PRACTICA
Mostra curiosidade por descubrir sons(3,4,5 anos)			
Adiviña o son omitido e o son engadido(4 e 5 anos)			
Mostra interese pola aprendizaxe das cancións(3,4 e 5anos)			
Memoriza as cancións(4 e 5 anos)			
Afina correctamente(5 anos)			
Obedece as ordes(3,4 e 5 anos)			

OBSERVACIÓNS:.....  
.....  
.....  
.....  
.....

## **UNIDADE DIDÁCTICA: “O outono”**

**Época:** Mes de Outubro-Novembro.

**Duración:** Seis sesións de 55 m. aproximadamente

### **OBXECTIVOS**

- Reflexionar, a través da lectura de imaxes ou a través da observación directa, sobre os sons do contorno.
- Coñecer as posibilidades sonoras de obxectos para producir, emitir e expresar sons do outono.
- Exercitar o ritmo.
- Desenvolver a percepción auditiva.
- Interpretar as variacións de intensidade con percusións corporais ou obxectos sonoros.
- Interpretar pezas diferentes, coidando a entoación e a articulación.
- Disfrutar coas posibilidades sonoras dos obxectos.
- Mostrar unha actitude desinhibida e espontánea de xestos e movementos.

### **CONTIDOS**

- Sons do contorno
- Obxectos sonoros
- Elementos rítmicos: pulso-acento.
- Matices de intensidade: Forte/Piano.
- O corpo como instrumento e elemento de expresión.
- A canción.
- A rima
- A danza como forma organizada de movemento.

## **ACTIVIDADES**

- “Toma de contacto”(esta actividade realizarase ao principio de cada sesión)
- ”Observamos, escoitamos, e reproducimos sons do Outono.1ª sesión.
- “Desprazámonos pola sala.Sons lentos e rápidos.2ª sesión.
- ”Aprendemos cancións relativas a o Outono”3ª e 4ª sesión.
- “Recitamos unha rima.Danzamos.”5ª sesión.
- “Repasamos cancións”.6ª sesión.
- “Relaxámonos”(esta actividade realizarase ao final de cada sesión)

# AVALIACIÓN

## FICHA DE OBSERVACIÓN

ALUMNO/A:.....

	SATISFACTORIO	PROGRESANDO	NECESITA MÁIS PRACTICA
Participa na observación dos sons do entorno.(3,4 e 5 anos)			
Explora as posibilidades sonora de obxectos e instrumentos(3, 4 e 5 anos)			
Diferencia sons lentos e rápidos(4 e 5 anos)			
É capaz de levar o pulso (5 anos)			
É capaz de levar o acento. (5 anos)			
Memoriza as canciós(4 e 5 anos)			
Afina correctamente( 5 an9os)			
Adapta o seu movemento á canción "Outono Chegou"(4 e 5 anos)			
Memoriza as			



notas SOL-MI e as marca con fononimia(Ward)(5 anos)			
Atende ás explicacións.(3,4 e 5 anos)			
Respeta as normas(3,4 e 5 anos)			
Colabora nas actividades(3,4 e 5 anos)			

OBSERVACIÓNS:.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

## **UNIDADE DIDÁCTICA: “A casa e a familia”**

**Época:** Mes de Novembro.

**Duración:** Catro sesións de 55 m. aproximadamente

### **OBXECTIVOS**

- Desenvolver a percepción auditiva a través das posibilidades sonoras de diferentes obxectos.
- Explorar e experimentar a duración dos sons.
- Exercitar o ritmo.
- Interpretar e disfrutar as diferentes cancións cuidando a entoación, articulación e xestificación.
- Cumplir e respetar as normas.

### **CONTIDOS**

- Fontes sonoras: ruídos e sons da casa.
- Duración do son: sons longos e curtos.
- O pulso.
- A canción.

### **ACTIVIDADES**

- “Toma de contacto”(esta actividade realizarase ao principio de cada sesión)
- “Os sons da miña casa”.1ª sesión.
- “Descubrimos e emitimos sons da casa”.2ª sesión.
- “Xogamos cos sons”3ª sesión.
- “Levámolo pulso. Aprendemos cancións.4ª sesión.
- “Relaxámonos”(esta actividade realizarase ao final de cada sesión)

# AVALIACIÓN

## FICHA DE OBSERVACIÓN

ALUMNO/A:.....

	SATISFACTORIO	PROGRESANDO	NECESITA MÁIS PRACTICA
Participa na aportación de material(3,4 e 5 anos)			
Explora posibilidades sonoras(3,4 e 5 anos)			
Recoñece diferentes sons(3,4 e 5 anos)			
Distingue sons longos e curtos(4 e 5 anos)			
Leva o pulso das cancións(5 anos)			
Memoriza as cancións(4 e 5 anos)			
Afina correctamente(5 anos)			
Fai os xestos das cancións(3,4 e 5 anos)			
Participa nas actividades.(3,4 e 5 anos)			

OBSERVACIÓNS:.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

## **UNIDADE DIDÁCTICA: “Ven o Nadal”**

**Época:**Mes de Decembro.

**Duración:**Catro sesións de 55 m. aproximadamente

### **OBXECTIVOS**

- Manipular e recoñecer instrumentos de percusión.
- Aprender a elaborar instrumentos non convencionais con materiais diversos.
- Distinguir a altura dos sons.
- Exercitar o ritmo.
- Desenvolver a percepción auditiva.
- Coñecer e interpretar as panxoliñas populares, atendendo ás normas do director/a.
- Mostrar interese pola escoita das panxoliñas.
- Disfrutar interpretando coa voz e cos instrumentos.
- Respetar as normas de actuación en grupo.

### **CONTIDOS**

- Instrumentos musicales escolares.
- Obxectos sonoros.

- Altura:grave-agudo.
- O corpo como instrumento .
- O xogo rítmico.
- O silencio.
- A panxoliña como expresión propia do Nadal.

### **ACTIVIDADES**

- “Toma de contacto”(esta actividade realizarase ao principio de cada sesión)
- “Observamos,exploramos e descubrimos sons.(1ª sesión).
- “Descubrimos o son grave-agudo”.(1ª e 2ªsesión).
- “Xogamos con ritmos”.(2ª sesión).
- “Escoitamos unha nana”.(3ª sesión).
- “Aprendemos panxoliñas”.(2ª e 4ª sesión).
- “Relaxámonos”(esta actividade realizarase ao final de cada sesión).

# AVALIACIÓN

## FICHA DE OBSERVACIÓN

ALUMNO/A:.....

	SATISFACTORIO	PROGRESANDO	NECESITA MÁIS PRACTICA
Explora e manipula posibilidades sonoras de instrumentos de pequena percusión.(3,4 e 5 anos)			
Coñece o nome dos instrumentos manipulados.(4 e 5 anos)			
Vai interiorizando o silencio.(3,4 e 5 anos)			
É capaz de levar o pulso e o acento das panxoliñas con diferentes instrumentos(5 anos)			
Memoriza as panxoliñas traballadas.(4 e 5 anos)			
Afina correctamente.(5 anos)			
Colabora na aportación de material para a elaboración dos			

materiais.(3,4 e 5 anos)			
Disfruta e mostra interese na construción destes instrumentos. (3,4 e 5 anos)			
Coida e respeta estes instrumentos. (3,4 e 5 anos)			
Atende ás explicacións. (3,4 e 5 anos)			

OBSERVACIÓNS:.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

## **UNIDADE DIDÁCTICA: “O Inverno”**

**Época:** Mes de Xaneiro-Febreiro.

**Duración:** Cinco sesións de 55 m. aproximadamente

### **OBXECTIVOS**

- Desenvolver a percepción auditiva através de :asociación da palabra-son e a asociación da gafía-palabra-son.
- Interpretar cancións cuidando a entoación e a articulación.
- Diferenciar modificacións do aire.
- Execitar o ritmo.
- Adaptar o movemento corporal ós elementos rítmicos das cancións.
- Disfrutar coas posibilidades sonoras do corpo e dos instrumentos.
- Desenvolver a sociabilidade coas actividades de grupo.

### **CONTIDOS**

- O corpo como instrumento.
- Instrumentos musicais escolares.
- Lectura sonora.
- A canción
- Aire: amodo-rápido
- Elementos do ritmo: acento, pulso.
- O xogo rítmico.



## **ACTIVIDADES**

- “Toma de contacto”(esta actividade realizarase ao principio de cada sesión).
- “Escoitamos, asociamos e producimos sons co corpo e cos instrumentos”.(1ª sesión).
- “O debuxo a través da melodía.Lectura sonora”(2ª sesión).
- “Descubrimos os sons lentos e rápidos”.(3ª sesión).
- “Aprendemos cancións ”(3ª e 4ª sesión).
- “Xogamos co ritmo”(5ª sesión).
- “Relaxámonos”(esta actividade realizarase ao final de cada sesión).

# AVALIACIÓN

## FICHA DE OBSERVACIÓN

ALUMNO/A:.....

	SATISFACTORIO	PROGRESANDO	NECESITA MÁIS PRACTICA
É capaz de asociar palabra-son.(5 anos)			
Recoñece sons gravados.(4 e 5 anos)			
Coordina melodía coa grafía correspondente.(5 anos)			
Coñece nomes de instrumentos.(4 e 5 anos)			
Diferencia e representa sons lentos e rápidos.(5 anos)			
Memoriza as cancións traballadas.(4 e 5 anos)			
Afina correctamente(5 anos)			
Adapta o movemento do corpo coa melodía.(4 e 5 anos)			
É capaz de relaxarse.(3,4 e 5 anos)			

Atende ás explicacións(3,4 e 5 anos			
Colabora nas actividades.(3,4 e 5 anos)			

OBSERVACIÓNS:.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

## **UNIDADE DIDÁCTICA: “O Antroido”**

**Época:** Mes de Febreiro.

**Duración:** Catro sesións de 55 m. aproximadamente.

### **OBXECTIVOS**

-Adaptar o movemento corporal ós desprazamentos básicos:marcha,carreira e salto.

-Interpretar series ascendentes e descendentes coa voz.

-Utilizar grafías non convencionais para representar sons ascendentes e descendentes.

-Interpretrar cancións coidando a entoación e a articulación.

-Mostrar unha actitude desinhibida e espontánea de xestos e movementos.

### **CONTIDOS**

-Desprazamentos básicos:marcha,carreira e salto.

-Emisión da voz:sons ascendentes e descendenes.

-Grafías non convencionais para representar sons ascendentes e descendentes.

-A canción.

-Elementos do ritmo:acento e pulso.

### **ACTIVIDADES**

-“Toma de contacto”(esta actividade realizarase ao principio de cada sesión).

- “Desprazamentos pola sala ao ritmo de salto, carreira e marcha.”(1ª sesión).
- “Interpretamos sons ascendentes e descendentes.(2ª sesión).
- “Aprendemos cancións”(3ª e 4ª sesión).
  
- “Relaxámonos”(esta actividade realizarase ao final de cada sesión).

## AVALIACIÓN

### FICHA DE OBSERVACIÓN

ALUMNO/A:.....

	SATISFACTORIO	PROGRESANDO	NECESITA MÁIS PRACTICA
Axusta o movemento ao ritmo escoitado( 4 e 5 anos)			
Asocia cor co movemento correspondente( 5 anos)			
Diferencia sons ascendentes e descendentes(5 anos)			
Memoriza as cancións( 4 e 5 anos)			
É capaz de levar o pulso nas cancións.(5 anos)			
Afina correctamente(5 anos)			
Fai os xestos das cancións(3,4 e 5 anos)			
Recorda as coplas traballadas			
Recorda as notas Sol-Mi(Ward)(5			

anos)			
Reláxase fácilmente(3,4 e 5 anos)			
Atende ás explicacións(3,4 e 5 anos)			
Disfruta e mostra interese na realización das actividades(3,4 e 5 anos)			

OBSERVACIÓNS:.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

## **UNIDADE DIDÁCTICA: “O Corpo”**

**Época:** Mes de Marzo-Abril.

**Duración:** Seis sesións de 55 m. aproximadamente

### **OBXECTIVOS**

- Coñecer as posibilidades sonoras do propio corpo.
- Exercitar o ritmo.
- Interpretar as variacións de intensidade con percusións corporais ou obxectos sonoros.
- Explorar formas de desplazamento.
- Disfrutar interpretando coa voz e cos xestos.
- Mostrar unha actitude desinhibida e espontánea de xestos e movementos.

### **CONTIDOS**

- O corpo como instrumento e elemento de expresión.
- O ritmo:pulso.
- Matices de intensidade:Forte/Piano.
- A rima.
- Formas de desprazamento, libres e espontáneas.
- A canción.

### **ACTIVIDADES**

- “Toma de contacto”.(esta actividade realizarase ao principio de cada sesión).
- “Escoitamos e reproducimos diferentes ostinatos rítmicos”.(1ª sesión).



- “Descubrimos matices :Forte/Piano”.(1ª e 2ª sesión).
- “Recitamos unha rima”.(3ª sesión).
  
- “Desprazámonos pola sala”.(3ª sesión).
  
- “Cantamos e expresamos”.(4ª,5ª e 6ª sesión).
  
- “Relaxámonos”(esta actividade realizarase ao final de cada sesión).

# AVALIACIÓN

## FICHA DE OBSERVACIÓN

ALUMNO/A:.....

	SATISFACTORIO	PROGRESANDO	NECESITA MÁIS PRACTICA
Executa correctamente ostinatos rítmicos(5 anos)			
Diferencia matices:Forte/Pi ano(4 e 5 anos)			
É capaz de recitar unha rima(5 anos)			
Axusta o movemento ao ritmo escoitado. (4 e 5 anos)			
Memoriza as cancións(4 e 5 anos)			
Afina correctamente(5 anos)			
Mima correctamente a letra da canción.(4 e 5 anos)			
Marca o pulso da canción.(4 e 5 anos)			
Reláxase facilmente.(3,4 e 5 anos)			
Atende ás explicacións(3,4 e 5 anos)			
Colabora nas			

actividades.(3,4 e 5 anos)			
----------------------------	--	--	--

OBSERVACIÓNS:.....  
.....  
.....  
.....  
.....

### **UNIDADE DIDÁCTICA: “Os Oficios”**

**Época:**Mes de Abril-Maio.

**Duración:**Seis sesións de 55 m. aproximadamente

#### **OBXECTIVOS**

- Descubrir sons de obxectos utilizados en diferentes oficios.
- Participar nas actividades en grupo:visita a algún obradoiro,granxa.....
- Exercitar o ritmo.
- Interpretar as variacións de intensidade con percusión de obxectos.
- Disfrutar interpretando coa voz e cos obxectos.

#### **CONTIDOS**

- Ruidos/sons dos oficios.
- Obxectos sonoros.
- Elemetos do ritmo;pulso e acento.
- Matices de intensidade:Forte/Piano.
- A audición.
- Os xestos.

## **ACTIVIDADES**

- “Toma de contacto”(esta actividade realizarase ao principio de cada sesión).
- “Descubrimos sons de diferentes obxectos dos oficios”.(1ªsesión).
- “Visitamos algún obradoiro e escoitamos sons”.(2ª sesión).
- “Escoitamos unha audición sobre algún oficio”(3ª e 4ª sesión).
- “Repasamos matices de intensidade :Forte/Piano”.(4ª e 5ª sesión).
- “Cantamos e repasamos cancións sobre oficios”.(5ª e 6ª sesión).
- “Relaxámonos”(esta actividade realizarase ao final de cada sesión).

# **AVALIACIÓN**

## **FICHA DE OBSERVACIÓN**

ALUMNO/A:.....

	SATISFACTORIO	PROGRESANDO	NECESITA MÁIS PRACTICA
Produce sons con diferentes obxectos.(3,4 e 5 anos)			
Adiviña sons.(4 e 5 anos)			
É capaz de levar o pulso.(4 e 5 anos)			
É capaz de levar o acento.(5 anos)			
Diferencia as partes da audición.(5 anos)			
Adapta o movemento ás diferentes partes.(4 e 5 anos)			
Diferencia e executa sons fortes e pianos(5 anos).			
Memoriza a canción.(4 e 5 anos)			
Afina correctamente.(5 anos)			
Fai os xestos correctamente.			

(4 e 5 anos)			
Recorda as cancións traballadas.(4 e 5 anos)			
Reláxase facilmente.(3,4 e 5 anos)			
Atende ás explicacións.(3,4 e 5 anos)			
Colabora nas actividades.(3,4 e 5 anos)			

OBSERVACIÓNS:.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

## **UNIDADE DIDÁCTICA: “Os Animais”**

**Época:** Mes de Maio -Xuño.

**Duración:** Cinco sesións de 55 m. aproximadamente.

### **OBXECTIVOS**

- Desenvolver a percepción auditiva.
- Recoñecer os matices de articulación:picado-ligado.
- Exercitar o ritmo.
- Disfrutar intepretando coa voz,xestos e instrumentos.
- Distinguir a altura dos sons.
- Cumprir e respetar as normas de actuación.

### **CONTIDOS**

- A audición.
- A canción.
- Matices de articulación:picado-ligado.
- Ritmo,pulso e acento.
- Altura:grave-agudo.

### **ACTIVIDADES**

- “Toma de contacto”(esta actividade realizarase ao principio de cada sesión).
- “Escoitamos unha audición musical sobre algún animal”.(1ª sesión).
- “Aprendemos cancións sobre animais e xogamos ”.(2ª sesión).
- “Descubrimos matices de articulación”.(3ª sesión).

- “Repasamos sons graves-agudos”.(4ª sesión).
- “Repasamos cancións”.(5ª sesión).
- “Relaxámonos”(esta actividade realizarase ao final de cada sesión).



## **AVALIACIÓN**

### **FICHA DE OBSERVACIÓN**

ALUMNO/A:.....

	SATISFACTORIO	PROGRESANDO	NECESITA MÁIS PRACTICA
Mantén a atención escoitando unha audición. (4 e 5 anos)			
Coordina música e movemento.(4 e 5 anos)			
Afina correctamente. (5 anos)			
Distingue picado e ligado. (5 anos)			
Leva o pulso na canción.(4 e 5 anos)			
Leva o acento na canción.(5 anos)			
Diferencia e excuta sons agudos e graves.(5 anos)			
Reláxase facilmente.(3,4 e 5 anos)			
Atende ás explicacións(3,4 e 5 anos)			
Disfruta e mostra interese na realización das actividades.			

(3,4 e 5 anos)			
----------------	--	--	--

OBSERVACIÓNS:.....  
.....  
.....  
.....  
.....

## **-8)AVALIACIÓN**

Según a lexislación vixente, a característica da avaliación nesta etapa é que debe ser **global,continua e formativa** permitindo obter información constante do proceso de ensinanza e aprendizaxe durante o transcurso do mesmo e tomar as decisións oportunas para mellorar a eficacia educativa.

Plantéxase unha **avaliación flexible** cuns obxectivos e uns criterios que serven de guía,adaptándose, ao ritmo do alumno,ás características da súa evolución e variando,se fose preciso,no transcurso do proxecto.

A **avaliación do proceso de aprendizaxe**,realizarase a través de Técnicas e Instrumentos,para a recollida de datos a través da obervación directa e sistemática e a análise das producións dos mesmos. Estas obsevacións quedarán reflexadas a través de instrumentos de avaliación dentro dos cuales caben destacar os **anecdóticos,registros de observación,listas de control,.....** Todo isto axudaranos a sitematizar a nosa recollida de información e a analizar aqueles posibles aspectos non conseguidos pola maioría e os que haberá que abordar de xeito diferente na aula.

A avaliación realizarase en distintos momentos abarcando a totalidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe:

a)**Avaliación inicial:**levarase a cabo no comezo de cada unidade didáctica,para ver que contidos coñece cada alumno sobre o centro de interés que imos comezar a explicar.

b) **Avaliación continua:**efectuarase ao longo do proxecto e ao finalizar cada unidade didáctica, analizaranse os progresos e dificultades dos nenos e nenas,co fin de axustar a intervención educativa para que estimule o proceso de aprendizaxe.Todo isto mediante a observación sistemática e a análise dos datos obtidos.

c) **Avaliación final:**comprobando en qué medida alcanzáronse as capacidades reflexadas nos obxectivos e contidos.Esta comprobación farase seguindo as pautas duns indicadores extraídos dos obxectivos e contidos contextualizados e secuenciados.Realizarase ao finalizar cada trimestre.

Para a **avaliación do proceso de ensinanza** os aspectos fundamentais a avaliar serán:

-A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios da avaliación ás características dos alumnos do centro e do entorno.

-As decisións sobre metodoloxía.

-A previsión de medidas para atender á diversidade.

-A coordinación entre o profesorado.

## **-9)ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Relación das diferentes propostas para traballar a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, así como de intereses e capacidades dos alumnos.

### **Atención á diversidade**

- **ADAPTACIÓN CURRICULAR (BÁSICA):** Os contidos nucleares da unidade didáctica preséntanse de forma máis pautada, con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos.
- **PROFUNDIZACIÓN:** Fichas fotocopiáveis con actividades de maior dificultade pola súa resolución, polo tratamento de outros contidos relacionados cos do nivel, etc.
- **COMPETENCIAS E INTELIXENCIAS MÚLTIPLES:** Contémplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, o movemento, a representación plástica, a dramatización...
- **PLANES INDIVIDUAIS:** Diríxense aos alumnos que o requiren (extranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación).
- **ACTIVIDADES MULTINIVEL:** Posibilitan que os alumnos encontren, respecto ó desenvolvemento dun contido, actividades que se axusten ao seu nivel de competencia curricular, así como aos seus intereses, habilidades e motivacións. Deste modo, facilítase o traballo a diferentes niveis nunha mesma clase, según as habilidades de cada alumno/a.

## **-10) PROCEDIMENTOS PARA VALORAR O AXUSTE ENTRE A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E OS RESULTADOS**

<b>ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA</b>		<b>RESULTADOS ACADÉMICOS</b>	<b>PROPOSTAS DE MELLORA</b>
<b>Preparación da clase e os materiais didácticos</b>	Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases.		
	Existe unha distribución temporal equilibrada.		
	O desenvolvemento da clase se adecúa as características do grupo.		
<b>Utilización dunha metodoloxía adecuada</b>	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinabilidade (en actividades, tratamento dos contidos, etc.).		
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.		
<b>Regulación da práctica docente</b>	Grado de seguimento dos alumnos.		
	Validez dos recursos utilizados en clase para os aprendizaxes.		
	Os criterios de promoción están consensuados entre os profesores.		
<b>Avaliación dos aprendizaxes e información que deles se da aos alumnos e as familias</b>	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e os contidos.		
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables do aprendizaxe.		
	Os criterios de calificación están axustados a tipoloxía das actividades planificadas.		
	Os criterios de avaliación e os de calificación déronse a coñecer: • aos alumnos. • ás familias.		
<b>Utilización de medidas para a atención á diversidade</b>	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.		
	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.		
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.		
	Aplícanse medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes		

	psicopedagógicos.		
--	-------------------	--	--